

## 7.- AS OBRIGAS FISCAIS DA EMPRESA

---

### A LEXISLACIÓN FISCAL

Na nosa organización económica lévanse a cabo funcións de gran transcendencia para o desenvolvemento da sociedade e do benestar. Para facer fronte ós gastos que conleva necesita recursos económicos que debe obter mediante a contribución da propia cidadanía, a través dos tributos.

#### - O Sistema Tributario:

O sistema tributario vai encamiñado a adquirir os recursos necesarios para contribuir ó sostemento das cargas públicas, de acordo ó artigo 31 da Constitución española "*todos contribuirán ó sostemento dos gastos públicos de acordo ca súa capacidade económica*".

É un sistema complexo debido a que existen varios suxeitos públicos acredores; así temos a Facenda estatal, autonómica e local.

#### - O tributo:

O tributo é unha prestación pecuniaria que o Estado ou outro Ente Público esixe no uso do seu poder atribuído pola Constitución e as leis.

As clases de tributos:

- Taxas
- Contribucións especiais
- Impostos

**Taxas:** tributos cuxo feito imponible consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, na prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de Dereito Público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

- a) Que os servizos ou actividades non sexan de solicitude voluntaria para as persoas administradas
- b) Que non se presten ou realicen polo sector privado

**Contribucións especiais:** tributos cuxo feito imponible consiste na obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou aumento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.

**Impostos:** tributos esixidos sin contraprestación, cuxo feito imponible está constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñen de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio, a circulación de bens ou a adquisición ou gasto da renda.

- Clases de impostos:

- a) **Impostos reais e persoais:** son impostos persoais aqueles nos que o feito imponible ven establecido con referencia a unha persoa. Impostos reais son aqueles que gravan manifestacións da riqueza.
- b) **Impostos obxectivos e subxectivos:** Nos subxectivos téñense en conta as circunstancias persoais do obrigado ó pago (por exemplo ser titular de familia numerosa). Isto non se terá en conta nos impostos obxectivos.
- c) **Impostos periódicos ou accidentais:** nos últimos o feito imponible é un acto aislado (por exemplo o imposto de sucesións)
- d) **Diretos e indirectos:** directos son aqueles que gravan a posesión dun patrimonio ou a obtención dunha renda, en canto refrejan a capacidade económica dun individuo. Os indirectos someten a tributación manifestacións mediatas ou indirectas da capacidade económica.

<b>PRINCIPAIS IMPOSTOS</b>	
IMPOSTOS DIRETOS	IMPOSTOS INDIRECTOS
Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF)	Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)
Imposto sobre Sociedades (IS)	Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD)
Imposto sobre o Patrimonio	Impostos Especiais
Imposto sobre Sucesións e Doacións	Impostos Aduaneiros

**ELEMENTOS DO IMPOSTO**

- ☞ **Feito imponible:** é o acto de natureza xurídica ou económica a partir do cal se orixina o nacemento dunha obriga tributaria (compra ordenador)
- ☞ **Suxeito pasivo:** é unha persoa física ou xurídica que está obrigada ao cumprimento das obrigacións tributarias (compradora).
- ☞ **Base imponible:** é a cuantificación e valoración do feito imponible, aplicando as normas, os medios e os métodos legais establecidos (importe do ordenador).
- ☞ **Base liquidable:** calcúlase efectuando determinados axustes na base imponible.
- ☞ **Tipo de gravame:** é a porcentaxe que, multiplicada pola base, permite establecer o importe da cota íntegra tributaria.
- ☞ **Cota íntegra tributaria:** é o resultado de efectuar o produto da base liquidable polo tipo de gravame.

## A RESPONSABILIDADE FISCAL DO EMPRESARIADO

O empresariado ten a obriga de cumprir de forma rigorosa e puntual coas súas obrigas fiscais no prazo establecido.

No caso de incumprimento, a empresa pode ser obxecto de sancións por parte da administración afectada.

As infraccións fiscais poden ser simples ou graves, dependendo do tipo de incumprimento, e comportan diferentes sancións. En función do tipo de infracción, poden chegar a ser consideradas delito e mesmo supoñen penas de cárcere.

A empresa e os empresarios vense afectados por diferentes impostos:

- Impostos municipais
- Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas
- Imposto sobre Sociedades
- Imposto sobre o Valor Engadido.

## IMPOSTOS MUNICIPAIS

Os municipios establecen diferentes impostos cos que financiar as súas actividades. Os impostos municipais máis importantes que recaen sobre a empresa son os seguintes:

- ☞ **Imposto sobre actividades económicas:** persoas físicas ou xurídicas que exerzan no territorio nacional actividades empresariais, profesionais ou artísticas, e que cumpran determinadas condicións (como unha cifra de negocio superior a un millón de euros no exercicio anterior).
- ☞ **Imposto sobre bens inmobles:** propietarios/as de bens inmobles situados no termo municipal
- ☞ **Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:** propietarios/as de vehículos de tracción mecánica aptos para circular pola vía pública.
- ☞ **Imposto sobre construcións, instalacións e obras:** Persoas que leven a cabo obras ou construcións dentro do termo municipal para as que se esixa licenza.
- ☞ **Imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana:** persoas que se beneficien dun incremento de valor de terreos urbanos no momento de proceder á súa venda ou transmisión.

## ¿ QUE É O IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES?

No só as persoas físicas están obrigadas a rendir contas a Facenda tódolos anos. Tamén as empresas teñen o seu propio 'impuesto sobre a renda', que

grava os seus beneficios, e que recibe a denominación de Imposto de Sociedades.

Concretamente, trátase dun imposto de carácter directo e natureza persoal que grava a renda das Sociedades e demais entidades xurídicas non sometidas a IRPF así como as entidades sin personalidade xurídica.

A través deste imposto grávanse os rendimentos obtidos pola sociedade, dentro dun periodo impositivo. Este periodo coincidirá co do ano natural salvo que nos estatutos sociais se especifique outro, que en ningún caso poderá superar os 12 meses.

O feito imponible é a obtención de renda polas entidades que teñan a súa residencia en territorio español. Os suxeitos pasivos son as sociedades mercantís, unións temporais de empresas e distintos tipos de fondos de investimento, de pensións... etc.

O tipo de gravame que debe aplicarse á base imponible para calcular o importe do imposto é, con carácter xeral o 35 % aínda que dependendo do tipo de sociedade serán aplicables outros diferentes. Así se reflexa no seguinte cadro:

	Tipo
Con carácter xeral	35%
Entidades sometidas o tipo xeral, cuxa cifra de negocios no periodo impositivo anterior fose inferior a 1.502.530,26 €, para a parte da base imponible comprendida entre 0 e 90.151,81 €.	30%
Mutuas de seguros. Entidades de previsión social. Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.	25%
Sociedades de garantía recíproca. Sociedades de reafianzamento reguladas na "Ley 1/1994 del 1 de marzo", inscritas no Rexistro Especial do Banco de España.	25%
Caixas rurais e cooperativas de crédito	25%
Colexios de profesionais, asociacións empresariais, cámaras oficiais, sindicatos de traballadores/as, partidos políticos, Fundacións, establecementos, institucións e asociacións sin ánimo de lucro que non reúnan os requisitos para disfrutar do réxime fiscal establecido pola " Ley 30/1994 de 24 de novembro, de Fundacións" . Fondos de promoción de emprego. As unións, federacións e confederacións, cooperativas.	25%
Cooperativas fiscalmente protexidas	20%
Entidades sin fins lucrativos, definidas na "Ley 30/1994 del 24 de novembro."	10%
Sociedades e fondos de inversión inmobiliaria que teñan por obxecto exclusivo o investimento en inmoables de natureza urbana de arrendamento e ademáis as vivendas que representen menos do 50% do total de activos.	7%

Sociedades de inversión mobiliaria, reguladas na "Ley 16/1984", cuxos valores representativos do capital social estén admitidos a negociación en bolsa. Fondos de inversión mobiliaria e fondos de inversión en activos do mercado monetario, regulados pola "Ley 46/1984" Sociedades e fondos de inversión inmobiliaria que teñan por obxecto social exclusivo o investimento en vivendas e acollidos a "Ley 46/1984" na redacción dada pola "Ley 19/1992 del 7 de julio". Fondos de regulación de carácter público do mercado hipotecario, establecido "no artículo 25 da Ley 2/1981".	1%
Entidades dedicadas a investigación e explotación de hidrocarburos, nos termos descritos na "Ley 21/1974".	40%
Fondos de pensións, regulados pola "Ley 8/1987"	0%
Entidades ZEC	1%-5%
Entidades transparentes	35%

### ZEC (zona Especial Canaria):

É un réxime de baixa tributación, creado no marco do réxime económico e fiscal de Canarias co obxecto de promover o desenvolvemento económico e social do archipiélago e facer máis diversa a súa capacidade produtiva. Autorizouse pola CE no ano 2000 ata o 2008, sendo prorrogable.

### Exencións:

- Obxectivas: para certo feito imponible non se produce o nacemento da obriga tributaria. Exemplo: dividendos ou participacións en beneficios distribuídos por entidades non residentes; así, evitaríase a dobre imposición.
- Subxectivas: para certos suxeitos pasivos non nace a obriga de tributar. Por exemplo: Estado, CCAA, Banco de España, Sergas (exención total); partidos políticos, colexios profesionais (exención parcial).

### Cómo e cando se debe pagar o IS?

A declaración debe presentarse nos 25 días naturais seguintes aos 6 meses posteriores á conclusión do período impositivo, na administración ou Delegación da Axencia Tributaria ou a través das entidades colaboradoras (bancos e caixas de aforro). Cóbrese o impreso 200, de declaración xeral do IS, ou o modelo 201, modelo simplificado que utiliza a maior parte de contribuíntes.

### Axustes:

No imposto de sociedades, a base imponible determínase a partir do resultado contable efectuando determinados axustes (estes débense o feito de que pode existir discrepancia entre os criterios contables e os fiscais, polo que algúns gastos ou ingresos contables non se consideran como tales segundo o IS: por exemplo multas ou sancións que a pesar de ser un gasto para a empresa non se poden deducir fiscalmente) e minorando as BI negativas de exercicios anteriores.

### Deducións:

Existen diversas deducións da cota: por protección do medio ambiente (10%), por creación de emprego (6000 €), por gastos de gardería (10%), por FP a traballadores/as (5%), etc.

### Retencións e pagos fracionados:

As retención fai referencia a cantidades pagadas pola empresa por certas operacións, as cales poden ser deducidas no IS. A empresa está obrigada a levar a cabo 3 pagos fracionados do IS durante os primeiros 20 días dos meses de abril, outubro e novembro (aplicando unha porcentaxe: o 18% sobre a cota íntegra do último período impositivo ou 25% obrigatorio para empresas que superasen 6.010.121,04 € de volume de operacións durante o exercicio anterior).

## **IMPOSTO SOBRE A RENDAS DAS PERSOAS FÍSICAS**

### Qué é o imposto sobre a renda das persoas físicas?

É un tributo de carácter persoal e directo que grava, según os principios de igualdade, xeralidade e progresividade, a renda das persoas físicas de acordo coas circunstancias persoais e familiares.

Hai que precisar que a renda dispoñible das persoas físicas é a que se somete a gravamen. É dicir, o resultado de minorar a súa renda total (rendimentos, ganancias e pérdas e imputación de rendas) no importe destinado a cubrir as necesidades do suxeito e das que del dependen (mínimo persoal e familiar).

Actualmente, o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) está regulado polo Real Decreto Legislativo 3/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas (TRLIRPF).

### Onde se aplica o imposto sobre a renda das persoas físicas?

O imposto aplicarásese en todo o territorio español, sin perxuízo de:

- a) Os rexímenes tributarios forales. Réximen de Concerto no País Vasco e de Convenio en Navarra. Nestos casos, os suxeitos tributarán na Diputación foral correspondente, si cumpren os requisitos para a aplicación do réxime (residencia e vecindade).
- b) O disposto nos tratados ou convenios internacionais que pasaran a formar parte do ordenamento interno
- c) As especialidades previstas para Canarias, Ceuta e Melilla.

### ¿Qué rendas deben declararse?

No artigo 6 do TRLIRPF defínese o feito imponible como "a obtención de renda polo contribuinte", polo que deben declararse as rendas obtidas no período impositivo.

Compoñentes da renda:

- Os rendementos do traballo.
- Os rendementos derivados de calquera elemento patrimonial que non se encontre afecto, nos termos sinalados no artigo 27, a actividade algunha, empresarial ou profesional (rendimentos do capital).
- Os rendimentos das actividades económicas exercidas.
- As ganancias e pérdidas patrimoniais.
- As imputacións de renda establecidas na lei.

### ¿Qué rendas non deben declararse?

Non serán obxecto de declaración as rendas non suxetas, por non realizarse o feito imponible, e as rendas exentas que gozan de beneficio fiscal.

### Rendas non suxetas

1.º No último apartado do artigo 6 do TRLIRPF establece: "Non estará suxeta a este imposto a renda que se encontre suxeta o imposto sobre sucesións e doacións".

2.º Adicionalmente, a mesma lei contempla outros supostos de non suxeción de modo disperso o longo do seu articulado (artigos 23.6; 31.2 e 3; 43), por exemplo:

- a) estimarásese que non existe rendimento do capital mobiliario nas transmisións lucrativas, por causa de morte do/a contribuinte, dos activos representativos da captación e utilización de capitales alleos (bonos, obrigacións, letras, pagarés).
- b) As pérdidas debidas ao consumo.
- c) As pérdidas debidas ao xogo.
- d) As variacións patrimoniais que se poñan de manifesto na división da cousa común ou disolución da sociedade de gananciais.

- e) As variacións patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión de transmisións lucrativas por causa de morte da persoa contribuinte.
- f) As entregas de produtos a prezos rebaixados que se realicen en cantinas ou comedores de empresa ou economatos de carácter social (incluídos os vales de comida ata a cuantía de 7,81 €/diarios, 1.300 pesetas diarias).
- g) As cantidades destinadas a actualización, capacitación ou reciclaxe do persoal empregado.
- h) As primas satisfeitas a entidades aseguradoras por seguros de accidente laboral ou responsabilidade civil do/a traballador/a ou para a cobertura de enfermidade (neste último caso, o límite será de 500 euros anuais por persoa, xa sexa o/a traballador/a, o seu cónxuge ou os seus descendentes).

### Rendas exentas

1.º supostos de exención:

- a) As indemnizacións como consecuencia de responsabilidade civil por danos físicos ou psíquicos a persoas, na cuantía legal ou xudicialmente recoñecida.
- b) As indemnizacións por despido ou cese do/a traballador/a, na cuantía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos Traballadores,
- c) As prestacións recoñecidas ao contribuinte pola Seguridade Social ou polas entidades que a substitúan como consecuencia de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.
- d) As becas públicas e as becas concedidas polas entidades sin fins lucrativos para cursar estudos regrados, tanto en España como no extranxeiro, en tódolos niveis e grados do sistema educativo, así como as concedidas para investigación.
- e) As anualidades por alimentos percibidas das nais e pais en virtude de decisión xudicial.
- f) Os premios literarios, artísticos ou científicos relevantes, coas condicións que regramentariamente se determinen, así como os premios "Príncipe de Asturias", nas súas distintas modalidades, otorgados pola Fundación Príncipe de Asturias.
- g) As prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pago único, co límite de 12.020,24 euros –non aplicable a traballadores/as discapacitados/as que se convirten en traballadores/as autónomos/as–, sempre que as cantidades percibidas se destinen as finalidades e nos casos previstos no Real Decreto 1044/1985, de 19 de xuño (sociedades laborais, cooperativas de traballo...). Esta exención estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no suposto de que a persoa contribuinte se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado, ou mantemento, durante idéntico prazo, da actividadele, no caso de traballador/a autónomo.



h) Os premios das loterías e apostas organizadas polo Organismo Nacional de Loterías e Apostas do Estado e polas comunidades autónomas, así como dos sorteos organizados pola Cruz Vermella Española e pola Organización Nacional de Cegos.

i) Os rendimentos do traballo percibidos por traballos realizados no estranxeiro, cos seguintes requisitos:

- Que ditos traballos se realicen para una empresa non residente en España ou un establecemento permanente radicado no estranxeiro.
- Que no territorio onde se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou análoga á deste imposto e non se trate dun país ou territorio que fose calificado regramentariamente como paraíso fiscal.

Os rendimentos que poidan beneficiarse desta exención estarán limitados a 10 millóns de pesetas (60.101,21 €) anuais. Esta exención será incompatible coas cantidades exceptuadas de gravamen por traballos no estranxeiro do artigo 8 do regramento.

2.º As ganancias patrimoniais que se poña de manifesto con ocasión da transmisión por maiores de 65 anos da súa vivenda habitual

### **Rendementos das Actividades Económicas**

Considéranse rendementos íntegros de actividades económicas aqueles que, procedendo do traballo persoal e do capital conxuntamente, ou dun so destes factores, supoñan por parte do suxeito pasivo a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

En particular, se consideran actividades económicas: as actividades extractivas, de fabricación, de comercio, de prestación de servizos, artesanía, actividade agrícola, actividade forestal, actividade gandeira, actividade pesqueira, actividade de construción, exercicio de profesións liberais, exercicio de profesións artísticas e actividades deportivas.

#### **- Rexímenes de determinación do rendimento neto da actividade económica**

Para a determinación do rendimento neto existen os seguintes rexímenes:

- A estimación directa, que terá dúas modalidades, a normal e a simplificada.
- A estimación obxectiva.

#### **ESTIMACIÓN DIRETA NORMAL**

É o réxime xeral. Consiste en determinar a renda real e certa obtida polo suxeito pasivo pola diferenza entre os ingresos e gastos computables.

### **- Ingresos computables**

Son ingresos por vendas e servizos, subvencións, ingresos financeiros, traballos realizados para o propio inmovilizado, indemnizacións, etc.  
Esta enumeración se completa coas peculiaridades que en materia de ingresos establece o TRLIRPF:

1.º Cesións gratuitas a terceiros e autoconsumo de bens e servizos. Constitúe ingreso o valor de mercado dos bens ou servizos obxecto da actividade que se cedan ou presten a terceiros de forma gratuita ou se destinen ao consumo propio.

2.º Contraprestacións notoriamente inferiores ao valor normal no mercado. Cando medie contraprestación e ésta sexa notoriamente inferior ao valor normal no mercado dos bens e servizos, a diferenza entre dita contraprestación e o valor normal no mercado constitúe ingreso.

3.º Retribucións en especie. Deberán computarse polo seu valor de mercado máis o ingreso a conta non repercutido ou trasladado o receptor da retribución.

### **- Gastos deducibles**

A normativa do IS establece unha serie de requisitos que deben cumprirse para que un gasto sexa fiscalmente deducible:

- Que esté contabilizado.
- Que esté correctamente imputado o exercicio.

Que esté debidamente xustificado (factura ou documento substitutivo).

Podemos considerar gastos deducibles, sin ánimo de ser exhaustivos: gastos de persoal, compras consumidas, traballos, subministros e servizos exteriores, gastos financeiros, tributos, amortizacións, provisións...

- Especialidades:

#### **A. Non terán a consideración de gastos deducibles:**

- Os donativos a sociedades de desenvolvemento industrial rexional e a federacións deportivas españolas e clubs deportivos, que sí son gasto no imposto sobre sociedades.
- As aportacións a mutualidades de previsión social do/a propio/a empresario/a ou profesional (sin perxucio da posible redución da base imponible xeral), salvo as cantidades abonadas en virtude de contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social por profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando actúen como alternativas o réxime especial da Seguridade Social mencionado, na

parte que teña por obxecto a cobertura de contingencias atendidas pola Seguridade Social, co límite de 3.005 euros anuais.

**B. Terán a consideración de gasto deducible:**

- Cando resulte debidamente acreditado, co oportuno contrato laboral e a afiliación ao réxime correspondente da Seguridade Social, que o cónxuge ou fillos/as menores da persoa contribuínte que convivan con ela traballen habitualmente e con continuidade nas actividades económicas desenvolvidas por ela mesma, as retribucións estipuladas con cada un deles, sempre que no sexan superiores as de mercado correspondentes a súa cualificación profesional e traballo desempeñado (ditas cantidades se considerarán obtidas polo cónxuge ou fillos/as menores en concepto de rendementos de traballo).
- Cando o cónxuge ou os fillos menores do contribuínte que convivan con él realicen cesións de bens ou dereitos que sirvan o obxecto da actividade económica de que se trate, a contraprestación estipulada, sempre que non exceda do valor de mercado, poderá deducirse a correspondente a este último a falta de aquela (ditas cantidades se considerarán rendementos do capital do cónxuge ou dos/as fillos/as menores).

**C. Beneficios das empresas de reducida dimensión:**

A Lei do Imposto sobre Sociedades (TRLIS) establece unha serie de beneficios fiscais para as empresas de reducida dimensión; é dicir, aquelas que no exercicio anterior tiveran unha cifra de negocios inferior a seis millóns de euros.

- Estes beneficios, recollidos nos artigos 108 a 114 del TRLIRPF (libertade de amortización asociada á creación de emprego, libertade de amortización para inversións de escaso valor, amortización acelerada do inmovilizado material e inmaterial, provisión global por insolvencias de deudores, amortización acelerada no caso de reinversión, maior dedución en arrendamento financeiro), serán de aplicación no IRPF sempre que o contribuínte non supere a cifra de negocios mencionada anteriormente para o conxunto das súas actividades económicas.

**-Normas sobre elementos patrimoniais afectos á actividade**

**Concepto de elementos patrimoniais afectos a unha actividade.** Son os utilizados exclusivamente na actividade económica da persoa contribuínte (inmóbiles, elementos de transporte, maquinaria...) e necesarios para o desenvolvemento da mesma, con independencia de que a titularidade destes, no caso de matrimonio, resulte común a ámbolos cónxuges

Non serán elementos patrimoniais afectos:

- Os activos representativos da participación en fondos propios dunha entidade e a cesión de capitales a terceiros (accións, obrigacións, letras...).
- Os que non se fagan figurar na contabilidade ou nos rexistros obrigatorios correspondentes.

- Os que se utilicen simultaneamente para actividades empresariais ou profesionais e para necesidades privadas, salvo que a utilización para estas últimas sexa “accesoria e notoriamente irrelevante”.

A estos efectos, se considerarán utilizados para necesidades privadas, “de forma accesoria e notoriamente irrelevante”, os bens de inmovilizado que, adquiridos para o desenvolvemento da actividade, se destinen o uso privado “en días u horas inhábiles” para o exercicio de aquéla, durante os cales se interrompa a mesma. Esta regra de excepción non será de aplicación cando se trate de automóviles de turismo e os seus remolques, motocicletas, aeronaves ou embarcacións deportivas ou de recreo, salvo os seguintes supostos

- Os vehículos mixtos destinados o transporte de mercadorías.
- Os destinados á prestación de servizos de transporte de persoas mediante contraprestación.
- Os destinados á prestación de servizos de ensinanza de conductores/as ou pilotos mediante contraprestación.
- Os destinados os desprazamentos profesionais dos representantes ou axentes comerciais.
- Os destinados a ser obxecto de cesión de uso con habitualidade e onerosidade (arrendamento).

Cando se trate de elementos patrimoniais que sirvan sólo parcialmente o obxecto da actividade, a afectación se entenderá limitada a aquela parte dos mesmos que se utilice na mesma. En ningún caso serán susceptibles de afectación parcial elementos patrimoniais “indivisibles”.

b) **Ganancias e pérdidas xeradas por elementos afectos á actividade.** Para a determinación do rendimento neto das actividades económicas non se incluírán as ganancias ou pérdidas patrimoniais derivadas dos elementos patrimoniais afectos as mesmas.

Non obstante, a determinación dun elemento como afecto á actividade ten transcendencia en canto a que os gastos que xere (amortización, impostos locais, intereses, reparacións...) se deducirán dos rendimentos íntegros de actividade.

### **-Reducións**

O 40% dos rendimentos netos correspondentes a rendas xeradas en máis de dous anos, así como aquelas que se califiquen regramentariamente como obtidas de forma notoriamente irregular no tempo, que serán exclusivamente, as seguintes, cando se imputen en único período impositivo: subvencións de capital para a adquisición de elementos do inmovilizado non amortizables, indemnizacións e axudas por cese de actividade económica, premios literarios, artísticos ou científicos que non gocen de exención neste imposto, as indemnizacións percibidas en substitución de dereitos económicos de duración indefinida.

## ESTIMACIÓN DIRECTA SIMPLIFICADA

A modalidade simplificada do réxime de estimación directa é un sistema alternativo á modalidade normal da estimación directa. Se caracteriza pola redución das obrigacións formais (libros) e a simplificación do cómputo dalgúns gastos

### Ámbito de aplicación

Esta modalidade será de aplicación as actividades económicas desenvolvidas por persoas físicas ou entidades en réxime de atribución de rendas, sempre que tódolos seus membros sexan persoas físicas, cando se cumpran as seguintes condicións:

- Que non determinen o rendimento neto das mesmas polo réxime de estimación obxectiva.
- Que o importe neto da cifra de negocios do conxunto de tódalas súas actividades económicas, no exercicio anterior, non supere os 600.000 euros anuais. Cando no ano inmediato anterior se iniciase a actividade, o importe neto da cifra de negocios elevarase o ano.
- Que non se renunciase á modalidade simplificada do réxime de estimación directa.

A renuncia á modalidade simplificada deberá efectuarse durante o mes de decembro anterior o inicio do ano natural en que deba surtir efecto ou o inicio da actividade (modelos 036 ou 037). A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos.

A renuncia á modalidade simplificada suporá que o suxeito pasivo determinará o rendimento neto de tódalas súas actividades económicas, pola modalidade normal.

### Determinación do rendimento neto reducido

**A. Ingresos computables:** Son os vistos na estimación directa normal.

**B. Gastos deducibles:** Serán os mesmos que na modalidade normal coas especialidades seguintes:

1.º As amortizacións do inmovilizado material se practicarán de forma lineal, en función da taboa de amortización aprobada por Orden do Ministerio de Economía e Facenda de 27 de marzo de 1998.

2.º O conxunto das provisións deducibles e os gastos de difícil xustificación se substitúen pola aplicación dunha porcentaxe do 5% sobre o rendimento neto previo (diferencia entre ingresos e gastos).

Na modalidade simplificada do réxime de estimación directa, a diferenza da modalidade normal, non serán deducibles as provisións establecidas con carácter xeral no Imposto sobre Sociedades (dudoso cobro, carteira de valores, garantías...), nin tampouco a establecida con carácter especial para as empresas de reducida dimensión (provisión global de dudoso cobro).

**C. Ganancias e pérdidas de patrimonio derivadas de elementos afectos a actividades económicas:** Se aplican as mesmas normas que na estimación directa normal.

**D. Reducións:** Se aplican as mesmas normas que na estimación directa normal.

## **ESTIMACIÓN OBXECTIVA**

### **- Ámbito de aplicación**

Este réxime aplicarase ás actividades empresariais que reúnan os seguintes requisitos:

### **- Requisitos subjetivos:**

Sólo se aplica ao método de estimación obxectiva as actividades empresariais desenvolvidas por persoas físicas e entidades en réxime de atribución de rendas

(sociedades civís, herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades do artigo 33 da Ley Xeral Tributaria), sempre que tódolos seus socios/as, herdeiros/as, comuneiros ou partícipes sexan persoas físicas.

### **- Requisitos obxectivos:**

1.º.- Que se realicen as actividades enumeradas na orde ministerial correspondente. Ésta fixa dós grupos de actividades ou sectores de actividade en aras a súa coordinación co IVE.

A. No primeiro grupo recóllense as actividades ás que lles son de aplicación o réxime de estimación obxectiva no IRPF e o réxime simplificado no IVE, entre outras: gandería independente; actividades agrícolas e forestais en réxime de aparcería; industrias do pan e da boiería; confección en serie de prendas de vestir; industria do moble de madeira; carpintería e cerraxería; comercio polo miúdo en xeral; restaurantes de dós tenedores e un tenedor; cafeterías; determinados servizos de hospedaxe; reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos; transporte por autotaxis; servizos de mudanzas; ensinanza de conducción de vehículos terrestres, acuáticos e aeronáuticos.

B. No segundo grupo recóllense as actividades as que lles son de aplicación ao réxime de estimación obxectiva no IRPF e o réxime especial de recargo de equivalencia ou o réxime especial da agricultura, gandería e pesca no IVE, no seu caso; por exemplo, agrícola, gandeira ou forestal susceptible de estar incluídas no réxime especial da agricultura, gandería e pesca do IVE, ou o comercio polo miúdo non incluído no primeiro grupo.

Asimesmo, se comprenderán en cada actividade as operacións económicas que se incluan expresamente no seu epígrafe a efecto dos signos, índices e módulos, sempre que se desenvolvan con carácter accesorio á actividade principal e non superen o 40% da mesma.

2.º.- Non superar, no ano inmediato anterior, os límites fixados na orde ministerial:

I. Magnitudes xerais:

A. Magnitud en función do volumen de ingresos:

a) 450.000 euros de volumen de ingresos anuales, aplicable o conxunto de actividades. A estos efectos, só se computarán:

- As operacións que deban anotarse no libro rexistro de vendas ou ingresos (agrícolas, gandeiras e forestais).
- As operacións, non incluídas no punto anterior, polas que estean obrigados a emitir e conservar facturas (cando a persoa destinataria sexa un/unha empresario/a, profesional ou Administración pública; cando se trate de exportacións ou entregas a outros Estados membros).

b) 300.000 euros de volumen de ingresos en determinadas actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

B. Magnitude en función do volume de compras e servizos: Excluídas as adquisicións de inmovilizado, no exercicio anterior non pode superar a cantidade de 300.000 euros anuais. Hai que ter en conta que no suposto de obras e servizos subcontratados o importe dos mesmos terásese en conta para o cálculo deste límite e ademáis que, cando no ano anterior iniciárase unha actividade, o volume de compras se elevará o ano.

II. Magnitudes específicas: A orde ministerial establece, para cada actividade, un límite de persoas empregadas; salvo na actividade de transportes e autotaxis e a de servizos de mudanzas, que será en función dos vehículos utilizados en calquera día do ano.

3.º Non ser excluído do réxime especial simplificado do IVE ou do IGIC. Este feito suporá a exclusión do réxime de estimación obxectiva por tódalas actividades empresariais e profesionais exercidas polo suxeito pasivo.

4.º Non renunciar ao réxime.

A renuncia o réxime de estimación obxectiva deberá efectuarse durante o mes de decembro anterior o inicio do ano natural en que deba surtir efecto ou o inicio da actividade (modelos 036 ou 037).

A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos. Transcurrido este prazo, entenderase prorrogada tácitamente para cada un dos anos seguintes en que poidera resultar aplicable ó réxime, salvo que se revoque no mes de decembro do ano anterior a aquel en que deba surtir efecto.

Tamén se entenderá efectuada a renuncia o réxime de estimación obxectiva cando se presente, no prazo regramentario, a declaración correspondente o pago fraccionado do primeiro trimestre do ano natural en que deba surtir efectos, na forma disposta para o réxime de estimación directa.

A renuncia ó réxime de estimación obxectiva suporá que o suxeito pasivo determinará o rendemento neto de tódalas súas actividades pola modalidade simplificada do réxime de estimación directa, salvo renuncia ou exclusión.

Finalmente, destacar que o mesmo efecto que a renuncia expresa o réxime de estimación obxectiva ten a renuncia o réxime especial simplificado ou o réxime especial de agricultura, gandería e pesca do IVE ou do IGIC, dado que as mesmas suporán a renuncia o réxime de estimación obxectiva no IRPF por tódalas actividades empresariais e profesionais exercidas polo suxeito pasivo.

5.º.- Que as actividades sexan desenvolvidas na súa totalidade dentro do ámbito de aplicación do imposto.

### Determinación do rendemento neto reducido

O rendemento neto resultará da suma dos rendimentos netos que correspondan a cada unha das actividades. Para a determinación do rendemento neto en actividades non agrícolas, gandeiras ou forestais:

- Cando o desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais se vise afectado por incendios, inundacións ou outras circunstancias que afectasen a un sector ou zona determinada, o Ministro de Facenda poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos módulos.
- Cando as circunstancias anteriores afectasen a un suxeito pasivo determinado, este poderá solicitar a redución de módulos na Administración ou Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) correspondente o seu domicilio fiscal, no prazo de 30 días a contar desde a data en que se produzan, aportando as probas que considere oportunas e facendo mención, no seu caso, das indemnizacións a percibir. Acreditada a efectividade de ditas alteracións, poderase autorizar a redución de módulos que proceda.
- Cando a persoa titular da actividade se encontre en situación de incapacidade temporal e non teña outro persoal empregado, poderá solicita-la redución de módulos polo procedemento anteriormente sinalado.

Cando o desenvolvemento de actividades económicas as que resulte de aplicación este réxime se vise afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou outras circunstancias excepcionais que determinen gastos extraordinarios alleos o proceso normal do exercicio de aquela, as persoas interesadas poderán minorar o rendemento neto que resulte no importe de ditos gastos. Para iso, as/os contribuíntes deberán poñer dita circunstancia en coñecemento da Administración ou Delegación da AEAT correspondente o seu domicilio fiscal, no prazo de 30 días a contar desde a data en que se produza, aportando, a tal efecto, a xustificación correspondente e facendo mención, no seu caso, das indemnizacións a percibir por razón de tales circunstancias.

### **Como e cando debe pagarse o IRPF?**

Os modelos fraccionados efectúanse mediante os impresos:

☞ Modelo 130 para os que leven a cabo actividades económicas que determinen o seu rendemento neto no réxime de estimación directa.

☞ Modelo 191 para o réxime de estimación obxectiva.

A declaración efectúase nos meses de maio e xuño.



## IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (I.V.E)

O Imposto sobre o Valor Engadido é sin duda un dos impostos máis coñecidos e 'sufridos' do sistema tributario español, por canto, como consumidores/as, encontrámonos con él practicamente a diario, cada vez que adquirimos un produto ou un servizo.

Desde o punto de vista técnico, trátase dun **imposto** de natureza indirecta que recae sobre o **consumo** e grava as seguintes **operacións**:

- Entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas por empresarias/os ou profesionais.
- Adquisicións intracomunitarias de bens.
- Importacións de bens, tanto de profesionais e empresarios/as como de particulares.

O IVE configúrase como un imposto **instantáneo** e **obxectivo**, isto é, xenérase cada vez que realizamos algunha das operacións que grava o imposto (feito imponible) e non ten en conta as características persoais da persoa contribuínte.

O IVE aplícase na Península e Illas Baleares, quedando o marxe as Illas Canarias, nas que se aplica o IGIP (Impuesto General Indirecto Canario), e as cidades de Ceuta e Melilla.

Pola súa parte no País Vasco e Navarra, o réxime de aplicación do imposto, goza de algunhas particularidades.

### ¿A que operacións afecta o IVE?

Están suxetas ao IVE as operacións realizadas por empresarios/as ou profesionais no exercicio da súa actividade habitual e que solen consistir en entregas de bens ou prestacións de servizos.

Teñen a consideración de **entregas de bens**:

- As execucións de obra nas que o empresariado aporte a totalidade dos materiais utilizados e aquelas en que aporte só unha parte si o seu coste supera o 20% da base imponible.
- As cesións de bens en vendas a prazos ou contratos de arrendamento ou venda.
- A transmisión de bens inmobles entre empresarias/os e profesionais. As que se realizan entre particulares están suxeitas o ITPAJD.
- O subministro de produtos informáticos fabricados en serie.
- As aportacións non diñerarias realizadas a sociedades ou comunidades de bens e as adxudicacións desta natureza en caso de disolución ou liquidación de aquelas.

Teñen igual tratamento os contratos de alugamento con opción de compra, a partir do momento en que a persoa arrendataria se comprometa a exercela opción de compra.

Pola súa parte, teñen a consideración de **prestación de servizos**:

- O exercicio independente dunha profesión ou oficio; este sería o caso, por exemplo, dun comerciante detallista, dun/dunha médic/a, arquitecto/a... etc.
- O arrendamento de bens ou negocios (pisos, locais...)
- As cesións de uso ou disfrute de bens.
- As cesións de dereitos de autor e dereitos da propiedade intelectual e industrial.
- Os traspasos de locais de negocio.
- O transporte.
- Préstamos e créditos.

### **¿Quenes poden ser considerados empresarios/as e profesionais?**

A efectos do imposto serán os que realicen habitualmente actividades empresariais ou profesionais así como as sociedades mercantís, e incluso, os/as arrendadores/as de bens e quen urbanice terrenos ou promovan, constrúan ou rehabiliten unha edificación para a súa venda ou cesión, aínda que realicen estas actividades de forma aislada.

Tamén está suxeto o IVE o autoconsumo de bens e servizos nas súas diversas modalidades, isto é, os que se destinan o consumo particular ou de terceiros, sen obter a cambio ningunha contraprestación.

### **¿Como funciona o imposto? O IVE soportado e o repercutido**

Na aplicación do imposto polo empresariado e profesionais poden distinguirse dúas fases:

- Pola venda dos seus produtos ou pola realización de servizos, cobran ou repercuten a cota correspondente de IVE ó seus clientes que despois están obrigados a ingresar en Facenda.
- Polas súas adquisicións (materiais, ferramentas... ) soportan ou pagan unha cota de IVE.

En cada liquidación de IVE, éste calcúlase restando do IVE repercutido os/as clientes, o IVE soportado nas compras a provedores.

Se o resultado é positivo, a cantidade resultante debe ingresarse en Facenda; si é negativo, a cantidade descontarase da cota positiva do seguinte trimestre.

Se a cota resultase negativa o longo de todo o ano, poderase optar por solicitar a devolución ou reservar as cantidades abonadas para deducilas no seguinte exercicio fiscal.

### **Os suxeitos pasivos do imposto**

Os suxeitos pasivos, é dicir, os contribuíntes do imposto son:

- O empresariado e os profesionais que entregan bens ou prestan servizos.

- O empresariado e profesionais que realizan adquisicións de bens.
- Os particulares, empresarias/os ou profesionais que realizan calquera das actividades que están suxeitas ao pago do imposto.

### **¿Que operacións non están suxeitas a IVE?**

Non é necesario liquidar o Imposto, nos seguintes casos:

- Transmisións de bens e dereitos do patrimonio empresarial ou profesional.
- As entregas de mostras de mercadorías sen valor comercial estimable (artigos de propaganda) así como a prestación de servizos de demostración.
- A entrega sen contraprestación de impresos ou obxectos de carácter publicitario.
- As relacións de traballo de carácter especial.
- Os servizos prestados ás cooperativas polos/as socios/as de traballo.
- O autoconsumo de bens ou servizos.
- As concesións e autorizacións administrativas.
- As prestacións de servizos a título gratuito obrigatorias para o suxeito pasivo por normas xurídicas ou convenios colectivos.

### **¿Que operacións están exentas do IVE?**

Son entregas de bens ou prestacións de servizos nas que, aínda que se realiza o feito imponible do imposto, a lei establece expresamente que non deben someterse a gravamen do mesmo.

Existen dous tipos de exencións:

- Plenas: Son operacións nas que o/a empresario/a ou profesional que entrega o ben ou presta o servizo exímeselle non só de repercutir o imposto o/a cliente senón que ademais se lle permite deducir o IVE soportado nas adquisicións relacionadas coa actividade.
- Limitadas: Nestes casos a entrega do ben está exenta de tributación por IVE pero a persoa empresaria ou profesional non se lle permite descontar o IVE soportado na produción do ben ou servizo.

Están exentas de IVE as seguintes actividades:

- Servizos médicos e sanitarios.
- Educación.
- Sociedades culturais e deportivas.
- Operacións financeiras e de seguros.
- Operacións inmobiliarias: arrendamentos rústicos e de vivendas, salvo que se trate de arrendamento de locais de negocio.

### **Tipos impositivos do IVE**

Aplicanse tres tipos diferentes de IVE:

- O xeral do 16 %
- O reducido do 7 %
- O súper reducido do 4 %

Con carácter xeral aplícase o tipo do 16 %.

O tipo reducido do 7 % aplícase os seguintes bens e servizos:

- Bens
  - As substancias ou produtos, que polas súas características poidan ser utilizados para o consumo humano ou animal. Se exceptúan as bebidas alcohólicas e o tabaco.
  - Os animais destinados o seu engorde antes de ser utilizados no consumo humano ou animal e os animais reprodutores dos mesmos ou de aqueles outros a que se refire o párrafo anterior.
  - Os bens que polas súas características poidan ser utilizados na realización de actividades agrícolas, forestais ou gandeiras tales como semillas, fertilizantes, herbicidas, plaguicidas e os plásticos para cultivos en acolchado, en túnel ou en invernadeiro. Exceptúanse a maquinaria, utensilios e ferramentas.
  - As augas aptas para o consumo humano ou animal, e para o rego.
  - Os medicamentos para uso animal.
  - Aparatos e complementos para a corrección de minusvalías humanas e animais, incluídas as gafas e as lentillas, que se destinen a suplir as deficiencias físicas de seres humanos e animais, así como os produtos sanitarios, equipos e instrumental que se utilicen para previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar as enfermidades ou doenzas do ser humano ou dos animais. Exceptúanse os cosméticos e os produtos de hixiene persoal.
  - As vivendas e prazas de garaxe.
  - Os vehículos de dúas ou tres rodas cuxa cilindrada sexa inferior a 50 centímetros cúbicos e cumpran a definición xurídica do ciclomotor.
  - As flores, as plantas, as semillas, bulbos e esquexes.
  - O gas licuado do petróleo, envasado.
- Servizos
  - Os transportes de persoas e dos seus equipaxes, así como os servizos de utilización de autopistas.
  - Os servizos de hostalería, campamento e balneario, os de restaurante e, en xeral, o subministro de comidas e bebidas.
  - Os servizos de plantación, sembra, enxertado, aboado, cultivo e recolección; embalaxe e acondicionamento dos produtos, incluído o seu secado, limpeza, descascarado, troceado, ensilado, almacenamento e desinfección dos produtos; cría, garda e engorde de animais; nivelación, explanación de terras de cultivo; asistencia técnica; a eliminación de plantas e animais dañinos e a fumigación de plantacións e terreos; drenaxe; tala, entresaca, astillado e descortezado de árbores e limpeza de bosques; e servizos veterinarios.
  - Prestacións de servizos realizados polas cooperativas agrarias ós/ás socios/as como consecuencia da súa actividade e en cumprimento do obxecto social, incluída a utilización polos/as socios/as da maquinaria en común.
  - Os prestados por intérpretes, artistas, directores/as e técnicos/as, que sexan persoas físicas, os/as produtores/as de películas cinematográficas susceptibles

de ser exhibidas en salas de espectáculos e as persoas organizadoras de obras teatrais e musicais.

- Os servizos de limpeza de vías públicas, parques e xardíns públicos.
- Os servizos de recollida, almacenamento, transporte, valorización ou eliminación de residuos, limpeza de alcantarillados públicos e desratización dos mesmos e recollida ou tratamento das augas residuais. Inclúense tamén os servizos de recollida e tratamento de vertidos en augas interiores ou marítimas.
- A entrada a teatros, circos, parques de atraccións, concertos, bibliotecas, museos, parques zoolóxicos, salas cinematográficas e exposicións.
- Os servizos prestados a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física.
- Os servizos funerarios e as entregas de bens relacionadas cos mesmos efectuados polas empresas funerarias e os cemiterios.
- A asistencia sanitaria, dental e curas termais.
- Os espectáculos deportivos de carácter aficionado.
- As exposicións e feiras de carácter comercial.
- Os servizos de perruquería.
- As entregas de obras de arte.
- As execucións de obras de albañilería realizadas en edificios ou partes dos mesmos destinados a vivendas, cando se cumpran os seguintes requisitos:
  - Que a persoa destinataria sexa unha comunidade de propietarios ou unha persoa física que non actúe como empresario/a ou profesional e utilice a vivenda de forma particular.
  - Que a construción ou rehabilitación da vivenda a que se refiren as obras concluíra a lo menos dous anos antes do inicio destas últimas.
  - Que a persoa que realice as obras non aporte materiais para o súa execución ou, no caso de que os aporte, o seu custe non exceda do 20 por 100 da base imponible da operación.

Pola súa parte o tipo "súper reducido" do 4 %, aplícase a adquisición dos seguintes produtos e bens:

- O pan común, así como a masa de pan común conxelada e o pan común conxelado.
- As fariñas panificables.
- Os seguintes tipos de leite producida por calquera especie animal: natural, certificada, pasteurizada, concentrada, desnatada, esterilizada, UHT, evaporada e en polvo.
- Os queixos.
- Os ovos.
- As froitas, verduras, hortalizas, legumes, tubérculos e cereais que teñan a condición de produtos naturais.
- Os libros, periódicos e revistas, así como álbumes, as partituras, mapas, cadernos de debuxo e os obxectos que, polas súas características, só poden utilizarse como material escolar, excepto os artigos e aparatos electrónicos.
- Os coches de persoas con minusvalía, así como os vehículos destinados a ser utilizados como auto-taxis ou turismos especiais para o transporte de persoas

con minusvalía en cadeira de rodas, ben directamente ou previa a súa adaptación.

As vivendas cualificadas como de protección oficial, de réxime especial ou de promoción pública, incluídos os garaxes e anexos.

### Períodos de liquidación do IVE

DECLARACIÓN-LIQUIDACIÓN	VOLUME DE OPERACIÓN	DATA DE PRESENTACIÓN	MODELO
Mensual	Grandes empresas	20 primeiros días de cada mes	320
Trimestral	Empresas en réxime xeral (medianas e pequenas)	1ºT: 1-20 abril 2ºT: 1-20 xullo 3ºT :1-20 outubro 4ºT :1-30 xaneiro	300
Trimestral	Réxime simplificado	1ºT: 1-20 abril 2ºT: 1-20 xullo 3ºT :1-20 outubro 4ºT :1-30 xaneiro	310
Anual	Común a todas Declaración resumo anual	Do 1 o 30 xaneiro	390

### Rexímenes especiais de IVE

Hai certos sectores de actividade cuxas características concretas (pequenas dimensións, tipo de actividade) fan que se lles apliquen rexímenes especiais. Estes son:

- Réxime simplificado (voluntario)
- Réxime especial da agricultura, gandería e pesca (voluntario)
- Réxime especial de bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección (voluntario)
- Réxime especial das axencias de viaxes (obligatorio)
- Réxime especial do comercio minorista (2 modalidades: recargo de equivalencia-obligatorio- e con determinación proporcional de bases impoñibles-voluntario)

### Réxime simplificado

Simplifica as obrigas formais dos suxeitos pasivos. Poden acollerse os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser persoas físicas
- Realizar habitualmente actividades descritas regramentariamente; entre outras, albañilería e traballos de construción en xeral, obras de xardiñería, instalacións eléctricas, vendas en quioscos e postos ambulantes, ximnasios, salóns de beleza, servizos fotográficos, salóns recreativos, salóns de baile e discotecas.
- Non tivera no ano anterior un volume de operacións superior os 30.000 €.

- Non renunciar a aplicación do modelo de estimación obxectiva por signos, índices ou módulos do IRPF.

A cota fíxase mediante uns índices ou módulos establecidos para cada sector económico ou actividade empresarial polo Ministerio de Economía e Facenda. Entre eles están: nº de empregadas/os, metros de local e nº de máquinas.

Para calcular a cota súmanse as cantidades asignadas ó módulo e divídese o resultado entre os catro trimestres do ano, a contía obtida ingresase trimestralmente.

#### Obrigas formais deste réxime :

Quen se acolla a este réxime non teñen a obriga de levar libros rexistro contables con relación ó IVE. Polo contrario si están obrigados a:

- conservar numeradas por datas e agrupadas por trimestres as facturas recibidas de provedores/as e os documentos que conteñan as liquidacións do imposto.
- presentar catro declaracións- liquidacións correspondentes a cada trimestre (modelo 130), así como a declaración resumo anual (modelo 390)
- conservar xustificante dos índices ou módulos.

#### **Réxime especial do comercio minorista**

É de aplicación exclusiva aos comerciantes minoristas.

Son dous os rexímenes :

a. réxime de determinación proporcional da base imponible: poden acollerse os comerciantes minoristas, sexan persoas físicas ou xurídicas, que realicen entregas de bens con tipos impositivos diferentes, que opten por este réxime e os que non lle é aplicable o recargo de equivalencia. O cálculo da base imponible pode dividirse nas seguintes etapas:

- do importe de compras ou importacións de bens (incluído IVE) calcúlase a porcentaxe de compras relativo a cada grupo de operacións con tipo de gravamen diferente.
- As porcentaxes resultantes se aplicarán o total de vendas, incluído o IVE repercutido, co obxecto de determinar as cantidades vendidas a cada tipo tributario
- As cantidades anteriores teñen o IVE incluído. Trátase de calcular a base imponible, que é a cantidade que corresponde sen IVE. A BI é o resultado dunha regra de tres que consiste en multiplicar as cantidades anteriores por cen e dividir o resultado entre cen máis o tipo de gravamen respectivo.

$BI = \text{cantidades anteriores} \times 100 / 100 + \text{tipo de gravamen}$

As porcentaxes aplicables a cada ano natural son os determinados en anos anteriores. Na última declaración-liquidación do período, o suxeito pasivo calculará as porcentaxes definitivos en función das operacións de dito ano procedendo á regularización de tódalas declaracións do ano.

b. Réxime especial de recargo de equivalencia: aplícase a comerciantes minoristas que sexan persoas físicas sempre que comercialicen polo miúdo produtos de calquera natureza con excepción, entre outros, de vehículos a motor para circular por estrada, embarcacións, xoias, etc.

Neste réxime os/as provedores/as dos comerciantes a eles acollidos repercuten nas súas vendas, ademais do IVE, unha porcentaxe de recargo. Este é do 4% para as operacións con 16% de IVE, do 1% para operación a tipo reducido de IVE (7%) e de 0,5% para as de 4% de IVE. A base é a mesma que resulte para o IVE.



## CADRO RESUME DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS DA EMPRESA

EMPRESARIO/A INDIVIDUAL				
IMPOSTO	CONCEPTO	OBRIGACIÓN	PRAZO	IMPRESOS (Modelo)
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO I.V.E.	Imposto de carácter indirecto que grava a entrega de bens e a prestación de servizos.	Presentación de liquidacións trimestrais.	<p>Ata:</p> <p>20 Xaneiro: 4ª trimestre ano</p> <p>31 Xaneiro: Resumen anual</p> <p>20 Abril: 1º trimestre ano</p> <p>20 Xullo: 2º trimestre ano</p> <p>20 Outubro: 3º trimestre ano</p>	<p>Declaración trimestral: 300</p> <p>Declaración anual: 390</p>
"IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS I.R.P.F. RETENCIÓN A CONTA"	Imposto de carácter directo e progresivo que grava a obtención de renda. Débense declarar as retencións efectuadas sobre as remuneracións dos/as traballadores/as por cuenta aller.	Presentación de liquidacións trimestrais e de resume anual	<p>Ata:</p> <p>20 Xaneiro: 4ª trimestre ano</p> <p>31 Xaneiro: Resumen anual</p> <p>20 Abril: 1º trimestre ano</p> <p>20 Xullo: 2º trimestre ano</p> <p>20 Outubro: 3º trimestre ano</p>	<p>Declaración trimestral: 110</p> <p>Declaración anual: 190</p>
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS I.R.P.F. PAGOS FRACCIONADOS	<p>Imposto de carácter directo, progresivo e persoal que grava a obtención de renda por parte de persoas físicas.</p> <p>Dous tipos de tributación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimación directa: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Normal</li> <li>○ Simplificada</li> </ul> </li> <li>• Estimación obxectiva</li> </ul>	Presentación de liquidacións trimestrais e declaración anual	<p>Ata:</p> <p>20 Xaneiro: 4ª trimestre ano</p> <p>31 Xaneiro: Resumen anual</p> <p>20 Abril: 1º trimestre ano</p> <p>20 Xullo: 2º trimestre ano</p> <p>20 Outubro: 3º trimestre ano</p> <p>Declaración anual: maio-xuño</p>	<p>Declaración trimestral</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimación directa: 130</li> <li>• Estimación obxectiva: 131</li> </ul>
SOCIEDADES MERCANTIS				
IMPOSTO	CONCEPTO	OBRIGACIÓN	PRAZO	IMPRESOS

		S		(Modelo)
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)	Imposto de carácter indirecto que grava a entrega de bens e a prestación de servizos.	Presentación de liquidacións trimestrais.	Ata: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 20 Xaneiro: 4º trimestre ano</li> <li>• 31 Xaneiro: Resumen anual</li> <li>• 20 Abril: 1º trimestre ano</li> <li>• 20 Xullo: 2º trimestre ano</li> <li>• 20 Outubro: 3º trimestre ano</li> </ul>	Declaración trimestral: 300 Declaración anual: 390
"IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS I.R.P.F. RETENCÍONS A CONTA"	Imposto de carácter directo e progresivo que grava a obtención de renda. Débense declarar as retencións efectuadas sobre as remuneracións dos traballadores/as por conta allea.	Presentación de liquidacións trimestrais e de resume anual	Ata: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 20 Xaneiro: 4º trimestre ano</li> <li>• 31 Xaneiro: Resumen anual</li> <li>• 20 Abril: 1º trimestre ano</li> <li>• 20 Xullo: 2º trimestre ano</li> <li>• 20 Outubro: 3º trimestre ano</li> </ul>	Declaración trimestral: 110 Declaración anual: 190
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS I.R.P.F. PAGOS FRACCIONADOS	Imposto directo e persoal que grava l renda das sociedades e demais entidades xurídicas.	Presentación de liquidacións trimestrais	Ata: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 20 Abril: 1º trimestre ano</li> <li>• 20 Outubro: 2º y 3º trimestre</li> <li>• 20 decembro: 4º trimestre</li> </ul>	Declaración trimestral: 202
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	Imposto directo e persoal que grava a renda das sociedades e demais entidades xurídicas. Tipos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xeral: 35% sobre os beneficios</li> <li>• Tipo reducido: 30% para empresas de reducida dimensión (volumen de negocio inferior a 6 millones de euros)</li> <li>• 20% Cooperativas</li> </ul>	Presentación de declaración anual	Ata: 25 xullo	Declaración anual